



COMUNICACIÓN: APERTURA DE ESTABLECIMIENTO

Nº de Expediente						
INTERESADO/A						
Nome e apelidos/Razón Social			D.N.I.-N.I.F./C.I.F./N.I.E.			
Rúa	Número	Piso	Porta	Municipio		
Código Postal	Provincia	Teléfono	Fax	E-mail		
DATOS DO/A REPRESENTANTE (DE SER O CASO)						
Nome e apelidos			D.N.I.-N.I.F./C.I.F./N.I.E.			
Rúa	Número	Piso	Porta	Municipio		
Código Postal	Provincia	Teléfono	Fax	E-mail		
DATOS DA PARCELA OU EDIFICACIÓN						
Referencia catastral (RC)						
Situación			Número		Piso	Porta
Propietario/a da parcela/edificación			D.N.I.-N.I.F./C.I.F./N.I.E.			
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE (EPÍGRAFE DO I.A.E.)						
Superficie do local		m2	Potencia nominal instalada		kw	
COMUNÍCASE						
<input type="checkbox"/> A apertura de establecemento sen realizar obras.						
<input type="checkbox"/> Que as obras comunicadas/autorizadas remataron o ____/____/____ (Expediente _____), polo que procede a abrir o establecemento ou poñer en funcionamento as instalacións, sen prexuízo das comprobacións administrativas oportunas.						
Data de inicio da actividade	Denominación do establecemento	Instalación de toldo	Instalación de rótulo			
		<input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON			

Vilagarcía de Arousa, a de de

(Sinatura do/a interesado/a)

Autorizo ó Concello de Vilagarcía de Arousa, á comprobación telemática con outras administracións e rexistros públicos os datos declarados e demais circunstancias relativas á presente solicitude.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Vilagarcía de Arousa. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía



APERTURA DE ESTABLECIMIENTO: CERTIFICACIÓN DE ACTIVIDADE

DATOS DO/A TÉCNICO/A COMPETENTE (A cubrir polo/a técnico/a)

Nome e apelidos/Razón Social		D.N.I.-N.I.F./C.I.F./N.I.E.		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		
Rúa	Número	Piso	Porta	Municipio
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Código Postal	Provincia	Teléfono	Fax	E-mail
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Titulación/Colexio Profesional		Nº de Colexiado		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		

O/A TÉCNICO/A CERTIFICA QUE:

Para o funcionamento da actividade anteriormente descrita:

- Remataron as obras autorizadas/comunicadas o ____/____/____, axustándose á documentación que figura no Expediente _____.
- Non se realizaron obras, por non ser necesarias, e o estado actual do establecemento axústase á documentación que se achega, asinada por min.

En ambos casos:

1. Adoptáronse con eficacia as medidas correctoras necesarias para dar cumprimento á normativa de aplicación, e que son suficientes para garantir que non se producen molestas á veciñanza.
2. O illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto na Ordenanza M.P.L.A. de ruidos.
3. O establecemento cumpre o establecido na normativa sectorial e contra incendios actualmente vixente.
4. O establecemento cumpre o establecido na Lei 7/1997 e no Decreto 35/2000 para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas, así como no C.T.E. D.B.-S.U.A.
5. Aforo máximo _____.

En consecuencia, as instalacións e as medidas correctoras están totalmente executadas e preparadas para funcionar.

O/A TÉCNICO/A DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

Dispón dun seguro de responsabilidade civil profesional ou garantía equivalente, e que non está inhabilitado/a, nin administrativa nin xudicialmente, nin incurso/a en causa de incompatibilidade profesional para redactar e asinar este documento.

Vilagarcía de Arousa, a de de

(Sinatura do/a técnico/a)

Presentar esta comunicación habilita para realizar a actividade descrita, pero non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impoñan outras normas. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, deberá presentar a **comunicación de obra menor** ou solicitar e obter **licenza de obra**, se procede. Logo de rematar a obra, presentarse esta comunicación con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento. Os edificios de nova construción ou obxecto de reestruturación xeral deben obter previamente a **licenza de primeira ocupación**.

A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán o concello respectivo para a súa declaración logo de audiencia do/a interesado/a. En todo caso, o xustificante da presentación acredita o cumprimento das obrigas administrativas, sen prexuízo das responsabilidades dos autores sobre a documentación técnica e as certificacións expedidas, xa que non supón a aprobación técnica por parte do Concello nin prexulga a situación e efectivo acomodo da actividade á normativa aplicable. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. A resolución administrativa que constata as ditas circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.



APERTURA DE ESTABLECEMENTO: DOCUMENTACIÓN

DESCRIPCIÓN

Pode vostede utilizar este impreso para comunicar a apertura dun establecemento ou a posta en marcha dunhas instalacións con destino a calquera uso distinto do de vivenda.

Deberá especificar se non foron necesarias obras ou se finalizaron as autorizadas ou comunicadas previamente, co fin de poñer en marcha unha nova actividade (ou co de modificar substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada). Para utilizar os edificios de nova planta ou que foran obxecto dunha reestruturación xeral será preciso obter, antes de presentar este impreso, a **Licenza de Primeira Ocupación**.

Esta **Comunicación de Apertura de Establecemento** habilita a inmediata posta en funcionamento do mesmo.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Cando NON se realizaran obras, ademais da comunicación no modelo oficial, presentarase a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN PARA A TRAMITACIÓN DUNHA ACTIVIDADE NOVA:

- a) No caso de **persoa xurídica (empresas)**: fotocopia da escritura de constitución da sociedade e fotocopias do CIF da sociedade e do DNI do representante legal.
- b) No caso de **persoa física (autónomos)**: fotocopia do seu DNI.
- c) Fotocopia do contrato de arrendamento ou no seu caso do título de propiedade do local.
- d) Fotocopia do Modelo 036 de Declaración Censal de Alta no censo de obrigados tributarios ou, no seu caso, de Alta no IAI (Modelo 840), coa dirección do local onde se realiza a actividade.
- e) Orixinal do certificado de seguridade e solidez no que se especifique a superficie do local, a potencia nominal contratada e o aforo máximo. Este certificado deberá estar asinado por técnico competente.
- f) Orixinal da Memoria xustificativa do cumprimento da normativa de incendios vixente (CTE DB-SI), así coma a seguridade de utilización e accesibilidade (CTE DB-SUA). Este Certificado deberá estar asinado por técnico competente.
- g) Orixinal do plano a escala acotado con indicación da superficie dos distintos usos en formato DIN-A4 ou DIN A3, así coma a situación dentro do edificio.
- h) Plano de situación, preferentemente sobre a cartografía do PXOM.
- i) Memoria explicativa da actividade a exercer, así coma o número e tipo de aparellos que se van a instalar no local.
- j) Reportaxe fotográfica.
- k) Autorización ou declaración ambiental que proceda.
- l) Certificación técnica da actividade suscrita por técnico competente segundo modelo facilitado polo Concello.
- m) Fotocopia da carta de pago da Taxa da Licenza Municipal de Apertura ou da Comunicación Previa por inicio de actividade.
- n) Compromiso asinado polo titular da actividade da suscripción dun seguro de responsabilidade civil.

DOCUMENTACIÓN PARA A TRAMITACIÓN DUN CAMBIO DE TITULARIDADE (Transmisións):

- a) Orixinal ou fotocopia do Cartel (ou Resolución) da concesión da licenza anterior.
 - b) A documentación dos puntos a), b), c) e d) coma nas APERTURAS NOVAS.
 - c) Fotocopia do Ticket de pago da Taxa pola transmisión da Licenza de Apertura ou da comunicación previa por inicio de actividade.
 - d) Certificación técnica da actividade suscrita por técnico competente segundo modelo facilitado polo Concello.
 - e) Compromiso asinado polo titular da actividade da suscripción dun seguro de responsabilidade civil.
- En ámbolos dous casos (actividades novas ou transmisións) descrición escrita e gráfica acoutada do rótulo.
 - No caso de instalación de toldo, deberá solicitar a correspondente licenza de obra.
 - Para actividades incluídas no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como as sometidas a avaliación de incidencia ambiental, deberá achegarse certificado emitido por empresa homologada sobre os niveis de illamento acústico conseguidos.
 - No caso de existir reprodutores de son no local, achegaranse certificados dos limitadores da potencia acústica.